



Decreto

Descrición decreto: Aprobación da convocatoria e das bases de selección do proceso selectivo de 2 socorristas, subvención Programa de fomento do emprego en colaboración coas Entidades Locais, Exp. TR351AG 2023/29-1
Exp Gestiona: 1496/2023

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA – PRESIDENCIA

D. José Luis Oujo Pouso, Alcalde-Presidente en funcións do Concello de Porto do Son, en uso das facultades que lle confire a Lei 7/19875, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a notificación por parte da Xunta de Galicia, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, dunha subvención: exp: TR351A 2023/29-1, obxecto: programa de fomento de emprego en colaboración coas Entidades Locais – Salvamento e socorrismo.

Visto o informe da intervención municipal nº con número 154/2023 de 4 de xullo de 2023, no que se indica a insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa axeitado para 9 prazas.

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar as seguintes bases de selección (anexo I) de:

- 2 socorristas, subvención Programa de fomento do emprego en colaboración coas Entidades Locais, Exp. TR351AG 2023/29-1

Segundo: Ordenar a presentación da oferta de emprego no Servizo Público de Emprego (Oficina de Boiro), publicación no taboleiro de edictos da Corporación (sede electrónica), extracto e na paxina web do concello (apartado de emprego): <http://www.portodoson.gal>.

Terceiro: De selo caso, o número de socorristas poderase verse incrementado ata un total de 9 socorristas realizando os trámites oportunos.

ANEXO I

BASES DE SELECCIÓN PARA CONTRATAR PERSOAL LABORAL COMO SOCORRISTAS NA CAMPAÑA DE VERÁN 2023, A TRAVÉS DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE-XUNTA DE GALICIA. EXP: TR351A 2023/29-1

1º) **Obxecto da convocatoria:** As presentes bases teñen por obxecto a regulación do procedemento selectivo para as contratacións laborais temporais, en virtude da resolución por parte da Xunta de Galicia, (Exp: TR351A 2023/29-1) dentro da liña de subvención para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2023, desempeñando as funcións de socorrista nas praias do concello durante a campaña de verán 2023.

2º) **Número de prazas:** 2

3º) **Tipo e duración do contrato:** Contrato laboral temporal para a realización dun servizo determinado, **modalidade de contrato de traballo temporal cos cláusulas específicas de contrato vinculado a programas de políticas activas de emprego.** A duración do contrato será de **2 meses**, a xornada completa e as retribucións serán as recollidas para estes postos de traballo no Concello de Porto do Son, suxeito ás existencias de crédito orzamentario no Orzamento deste





Concello (BOP nº 31 do 14 de febreiro de 2023). Os primeiros quince días do contrato de traballo constitúen o período de proba.

A xornada de traballo semanal, respectando en todo caso os períodos de descanso legalmente establecidos, así como as praias do termo municipal onde desenvolveran o seu traballo, determinarase pola Concellería de Persoal e Turismo.

Nas xornadas de traballo cando as condicións metereolóxicas impidan o desfrute das praias por parte dos bañistas, o persoal de salvamento e socorrismo, realizará actividades formativas e prácticas de salvamento, co obxectivo de estar en perfectas condicións para desenvolver o seu traballo de socorristas, determinarase pola Concellería de Persoal e Turismo.

4º) **Obxecto do contrato:** O persoal contratado realizará o traballo de socorrista, vixilancia e salvamento de persoas nas praias do concello, así como prestar a colaboración precisa as persoas con discapacidades no uso da cadeira anfibia, en réxime de dispoñibilidade plena.

Así mesmo, realizará aquelas outras tarefas que lle poidan asignar os órganos municipais competentes ou os seus superiores xerárquicos para a satisfacción das necesidades propias do servizo.

5º) **Requisitos xerais dos aspirantes.** Deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da formalización dos contratos:

a) **Nacionalidade.**- Ter a nacionalidade española, ou ser nacional de outros Estados, conforme aos artigos 56 e 57 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) **Idade.**- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

c) **Capacidade Funcional.**- Posuír as capacidades e aptitudes funcionais e físicas, necesarias para o desempeño das tarefas obxecto do presente contrato, extremos que se acreditarán mediante a presentación de informe ou certificado médico, que ademais deberá incluír pronunciamiento específico de estar en condicións de realizar as probas físicas.

d) **Habilitación.**- Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.

e) **Compatibilidade.**- Non estar incurso en causas de incompatibilidades de conformidade co disposto na Lei 53/1984, del 26 de decembre, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

f) **Titulación.**- Estar en posesión do título de Graduado Escolar ou equivalente.

g) Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia, ou no seu defecto, ter presentada a citada solicitude no citado Rexistro Profesional e que non transcorra o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste último caso, deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia da solicitude de inscrición no Rexistro profesional e copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado. Todo isto de conformidade co Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o





Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e o Decreto 35/2017, do 30 de marzo, que modifica o anterior.

Tal e como se recolle no art. 14 da Orde do 13 de marzo de 2023, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (código de procedemento TR351A) (DOG nº 56 do 21/03/2023), as persoas traballadoras que se contraten e **polas cales se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprir tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo coas cláusulas específicas de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.**

Taxas por dereitos de exame. (Ordenanza fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame, publicada no BOP núm. 16 do 26/01/2021).

l) Artigo 5.1. As taxas que corresponde satisfacer polos servizos regulados nesta Ordenanza, serán as seguintes:

Subgrupo Agrupacións profesionais ás que fai referencia a disposición adicional sétima do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou persoal laboral equivalente: 5,00 €

Artigo 5.2. Ás taxas anteriores seralle de aplicación a seguinte redución: do 100 por cento naqueles supostos nos que o suxeito pasivo sexa unha persoa que figura como demandante de emprego, cunha antigüidade mínima de 6 meses, referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas de que se trate. Para a aplicación desta redución, o suxeito pasivo deberá acreditar as circunstancias descritas no parágrafo anterior, mediante presentación de certificado de desemprego, emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda

6º) **Publicidade da convocatoria.** Presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego, publicación na sede electrónica municipal e na paxina web do concello (apartado de emprego): <http://www.portodoson.gal>

7º) **Solicitudes: Os candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego** deberán presentar a correspondente solicitude dirixida ao Sr. Alcalde, consonte ao modelo que figura nestas bases, no rexistro xeral do Concello de 9:00 a 13:30 horas, O prazo de presentación de solicitudes será de un **(5) cinco días hábiles a contar desde o día seguinte ao do chamamento telefónico ou comunicación vía correo electrónico por parte do Concello aos aspirantes enviados pola Oficina de Emprego.**

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello, na sede electrónica municipal: <https://portodoson.sedelectronica.gal/>, ou ben en calquera das formas establecidas no art. 16 da Lei 39/2015, do 26 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no horario sinalado no parágrafo anterior. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos ou a través do Portelo Único deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos ou da administración receptora da documentación. Nestes dous casos, unha vez presentada, deberá enviarse por correo electrónico: secretaria@portodoson.gal a solicitude debidamente selada antes do fin do prazo para a presentación de solicitudes.

Coa solicitude deberán achegar os seguintes documentos:





- Fotocopia do D.N.I.

- Fotocopia dos títulos esixidos:

- Copia do documento acreditativo de estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia ou, no seu defecto, de ter presentada a citada solicitude no dito Rexistro Profesional e que non transcorrera o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste último caso, deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia da solicitude de inscrición no Rexistro profesional e copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado. Todo isto de conformidade co Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e o Decreto 35/2017, do 30 de marzo, que modifica o anterior.
- Copia do título de Graduado Escolar ou equivalente.
- De ser o caso, fotocopia do CELGA 1 ou equivalente.

- Fotocopia dos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen para o concurso.
- Informe ou certificado médico, que ademais deberá incluír pronunciamento específico de estar en condicións de realizar as probas físicas.
- Documento de autoliquidación e xustificante bancario do seu aboamento ou de ser o caso: certificado de desemprego, emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda, no que se indique que figura como demandante de emprego, cunha antigüidade mínima de 6 meses, referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas de que se trate.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal, no apartado de emprego.

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de 2 días hábiles, seguintes á publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 68 n.º 1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro. A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello. Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora da celebración do primeiro exercicio, así como a composición do Órgano de selección. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade. O persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A resolución da Alcaldía publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal, no apartado de emprego.

En caso de non poder acudir os membros designados do tribunal, nomearase mediante Decreto de Alcaldía ao seu substituto, de dito acordo darase oportuna publicidade no taboleiro de edictos do concello.

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura da praza convocada, podendo dispoñer a incorporación de asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto





A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 7ª.

8º Desenvolvemento do proceso:

Oposición: máximo 8 puntos.

Proba física: Consistirá na realización dunha proba física de carácter obrigatorio. A non comparecencia ó mesmo implica a eliminación.

Esta proba física realizarase na Praia do Cruceiro, que terá **unha valoración de 0 ata 8**, consistente en percorrer o seguinte:

200 m. de carreira pola area co material de salvamento (aletas e flopi)

. Entrada á auga e nado duns 400 m. co material de salvamento.

. Chegar á area e percorrer uns 200 m. co material de salvamento.

*Nota: as distancias variarán en función do estado do mar.

Cada aspirante terá que traer as súas propias aletas para a realización da proba.

- O tempo contarase a partires do primeiro aspirante a pasar pola meta.

Tempo	Puntos *
1º clasificado	8
+ 0,50´´	7
+ 1,00´´	6
+ 1,50´´	5
+ 2,00´´	4
+ 2,50´´	3
+ 3,00´´	2
+ 3,50´´	1
+ 4,00´´	0

- As mulleres terán una bonificación de 10 segundos.

Concurso: máximo 2 puntos.

1. Cursos de formación: 0,50 puntos por curso ata un máximo de 2,00 puntos. Valoraranse unicamente os que versen sobre as seguintes materias:

- Título de primeiros auxilios.





- Título de manexo de embarcacións (PER ou PNB).

- Mergullador.

-Titulacións oficiais que teñan relación **directa co salvamento acuático ou emerxencias sanitarias (2,00 puntos)**

Proba de coñecemento da lingua galega: As persoas que non puideran acreditar o coñecemento da lingua galega mediante o certificado da realización do CELGA 1 ou equivalente da lingua galega deberán realizar unha proba escrita cunha duración máxima de 30 minutos. Esta proba cualificarase con APTO ou NON APTO.

Puntuación final, máximo: 10 puntos. Os candidatos seleccionados serán os que obteñan máis puntuación global e sexan considerados competentes polo tribunal cualificador. En caso de empate, terá preferencia o que acredite maior puntuación na proba práctica, de persistir o empate terán preferencia os candidatos que presentarán a súa solicitude por orde de entrada no rexistro.

Co resto de solicitantes formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas ordenados de maior a menor en función da puntuación obtida. A duración desta bolsa comprenderá ata o 31/12/2023, poderase prorrogar a duración desta bolsa de emprego por Resolución de Alcaldía.

Funcionamento da bolsa de emprego:

As comunicacións realizaranse telefonicamente, deixando constancia da mesma por parte do empregado público encargado de realizalas mediante a oportuna dilixencia. Se no momento da comunicación, o aspirante renuncia ao posto sen causa xustificada, a primeira vez pasará a ocupar o último posto da lista, e a segunda será excluído da mesma por Decreto de Alcaldía. A renuncia voluntaria sen xustificación a un contrato xa asinado antes da súa finalización, producirá os mesmos efectos para o/a traballador/a que os arriba contemplados.

Considéranse causas xustificadas para renunciar a ocupar o posto de traballo e por tanto, a que non se apliquen as medidas correctoras contempladas no parágrafo anterior, as seguintes:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico)
- Estar traballando noutro sitio (acreditado mediante contrato de traballo)
- Maternidade ou adopción legal.
- Exercicio da representación sindical ou cargo público electo.
- Matrimonio.
- Falecemento de familiar ata o seguindou grado de consanguinidade ou afinidade.

O/a candidato/a terá un prazo de 1 día hábil para achegar a devandita documentación dende o chamamento realizado.

9º) Presentación da documentación polos aspirantes aprobados. Os candidatos seleccionados deberán presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Porto do Son, **no prazo de 2 días hábiles**, dende que se faga pública a relación de aprobados (mediante anuncio na sede electrónica municipal e na web municipal, no apartado de emprego) os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:





- Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social.
- No caso de que o/a aspirante nunca estivera de alta na Seguridade Social, copia do documento de afiliación á Seguridade Social.

10º) Formalización dos contratos: Formalizaranse por resolución da Alcaldía baixo a **modalidade de contrato de traballo temporal cos cláusulas específicas de contrato vinculado a programas de políticas activas de emprego**, cos candidatos seleccionados.

11º) Incidencias.

1.- As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa, no prazo de 2 meses, contados dende o día seguinte da última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación:

- Lei 20/2021 do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores
- Lei 2/2015 de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público.





DATOS DO SOLICITANTE	
Nome e apelidos	
NIF	
Enderezo a efectos de notificación	
Municipio, Código Postal e Provincia	
Teléfono	
Correo electrónico	

EXPÓN:

1º) Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Porto do Son para a selección de SOCORRISTAS.

2º) Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases, que acepto e declaro coñecer, e que son certos os datos obrantes na presente instancia, comprometéndome a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Axunto coa presente instancia, segundo dispón a base 7ª da convocatoria:

Fotocopia do D.N.I.

- Fotocopia dos títulos esixidos:

- Copia do documento acreditativo de estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia ou, no seu defecto, de ter presentada a citada solicitude no dito Rexistro Profesional e que non transcorrera o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste último caso, deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia da solicitude de inscrición no Rexistro profesional e copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado. Todo isto de conformidade co Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e o Decreto 35/2017, do 30 de marzo, que modifica o anterior.
- Copia do título de Graduado Escolar ou equivalente.
- De ser o caso, fotocopia do CELGA 1 ou equivalente.





- Fotocopia dos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen para o concurso.
- Informe ou certificado médico, que ademais deberá incluír pronunciamiento específico de estar en condicións de realizar as probas físicas.
- Documento de autoliquidación e xustificante bancario do seu aboamento ou de ser o caso: certificado de desemprego, emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda, no que se indique que figura como demandante de emprego, cunha antigüidade mínima de 6 meses, referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas de que se trate.

Por todo o exposto, SOLICITO, ser admitido/a en dito proceso.

En Porto do Son, _____ de _____ de 2023.

MODELO DE AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXAS

Datos do solicitante

Nome e apelidos			
D.N.I./N.I.F		Teléfono	
Domicilio			
Email			

Datos do representante

Nome e apelidos			
D.N.I./N.I.F		Teléfono	
Domicilio			
Email			

CONCEPTOS

17. Dereitos de exame		
<i>Probas selectivas para:</i>		<i>Euros</i>
a	Subgrupo A1 ou persoal laboral equivalente	25,00 €
b	Subgrupo A2 ou persoal laboral equivalente	20,00 €
c	Grupo B ou persoal laboral equivalente	15,00 €
d	Subgrupo C1/C2 ou persoal laboral equivalente	10,00 €
e	Agrupacións profesionais ás que fai referencia a disposición adicional sétima do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou persoal laboral equivalente	5,00 €

LIQUIDACIÓN

Nº Tarifa	Importe parcial
IMPORTE TOTAL A INGRESAR	





Consentimento e deber de información ós interesados sobre Protección de datos

- Fun informado de que esta entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.
- Presto o meu consentimento para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intemediación de Datos e outros servizos interoperables.

Porto do Son, ____ de _____ do 20 ____

Asdo.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PORTO DO SON

NON SE LIQUIDARÁN AS TAXAS DAS QUE RESULTEN DÉBEDAS INFERIORES A 3,5 EUROS

FORMA E LUGAR PARA REALIZAR O PAGO: O pago deberá realizarse mediante ingreso na conta bancaria que o Concello de Porto do Son ten na entidade bancaria: ABANCA Corporación Bancaria S.A. : IBAN ES24 2080 0312 45 3110000102

Este documento non será válido se non se acompaña do correspondente xustificante bancario do pago.

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Porto do Son relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicie o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

Asinado en Porto do Son por medios electrónicos polo alcalde en funcións, José Luis Oujo Pouso, do que eu, Mónica Pichel García, como secretaria, e para que os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).

